



## RESOLUCIÓN DO 16 DE MAIO DE 2018 POLA QUE SE FORMULA O DOCUMENTO DE ALCANCE PARA A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA ORDINARIA DA MODIFICACIÓN N° 1 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE MOS PARA A DELIMITACIÓN DUN SECTOR DE SOLO URBANIZABLE DE USOS DOTACIONAIS E TERCIARIOS

Promotor: Concello de Mos

Órgano substantivo: Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo (DXOTU)

Expediente: 2018AAE2146

Código web: 2035/2018

Con base na proposta de resolución do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

### ANTECEDENTES

1. O concello de Mos dispón dun Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) aprobado definitivamente o 18.01.2017 pola Consellería Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.
2. O 17.01.2018 recibiuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático un escrito do Concello de Mos para iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria da *Modificación do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Mos para a delimitación dun sector de solo urbanizable de usos dotacionais e terciarios* (en diante MP). A documentación consta dunha solicitude de inicio, un borrador do planeamento e un documento inicial estratéxico.
3. O día 23.01.2018 esta Dirección Xeral iniciou un período de consulta pública da documentación recibida, a través da súa sede electrónica e por un prazo de dous meses. Ao mesmo tempo, consultouse aos membros do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a outras administracións públicas.

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), integra no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental. A través do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, aprobase o regulamento da citada Lei do solo (RLSG).
2. O artigo 46.1.d) da LSG sinala que os instrumentos de planeamento urbanístico serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica ordinaria cando así o solicite o promotor.
3. O artigo 83.5 da LSG sinala que a revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos seus elementos suxeitarase ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación. Neste sentido, o artigo 60.4 da LSG establece que o órgano ambiental tras someter a documentación ás consultas pertinentes, formulará o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico.
4. O artigo 19.2 da Lei 21/2013 establece que o órgano ambiental elaborará e remitirá ao promotor e ao órgano substantivo o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico xunto coas contestacións recibidas ás consultas realizadas.
5. O Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, atribúe á Secretaría Xeral de

Calidade e Avaliación Ambiental as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente. A través do Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, a dita Secretaría pasou a denominarse Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático.

## CONSIDERACIÓN TÉCNICAS

### 1. Ámbito de actuación e características ambientais

O concello de Mos sitúase no suroeste da provincia de Pontevedra e forma parte da área urbana de Vigo. O ámbito de actuación da MP localízase no extremo occidental do municipio, no límite co concello de Vigo, entre as parroquias de Tameiga (San Martiño) e Cela (San Pedro).

Trátase dunha zona de monte sobre a liña de cumieira que divide as vertentes do val do Louro e do Lagares, próximo polo norte ao intercambiador das autoestradas AG-57 e AP-9, e polo sur ás instalacións do Club Social Mercantil de Vigo e do Campus Universitario de Vigo.

A superficie total do ámbito afectado pola MP é de 869.143 m<sup>2</sup>, dos cales 823.348 m<sup>2</sup> corresponden á delimitación dun novo sector de solo urbanizable e os restantes 45.795 m<sup>2</sup> ao novo sistema xeral viario que se adscribe a dito sector.

O principal uso dos terreos do sector é o forestal, estando ocupados na súa maior parte por masas mixtas de eucalipto e piñeiro con presenza puntual de frondosas autóctonas (carballos, castiñeiros,...). Nalgunhas zonas de valgada, especialmente na do rego Porteliña, consérvase vexetación propia de riveira (ameneiros, salgueiros,...). Os terreos teñen unha topografía moi irregular, acadando 185 metros a diferencia máxima entre cotas de altitude.

Aproximadamente a metade da superficie do sector é monte veciñal en man común que pertence ás comunidades de Pereiras e Tameiga, que contan con instrumentos de xestión forestal aprobados<sup>1</sup>. Polo oeste o sector linda cun monte da entidade local menor de Bembrive, o cal está incluído no Catálogo de montes de utilidade pública e ten un proxecto de ordenación forestal aprobado<sup>2</sup>.

O ámbito dispón na actualidade de accesibilidade directa a través das estradas provinciais EP-2005 e EP-2605, que rodean toda a cumieira do monte -que fai á súa vez de divisoria municipal- e pechan o ámbito polo norte.

Case a totalidade do solo está clasificado no vixente PXOM como solo rústico, na meirande parte de protección forestal e en menor medida de protección de infraestruturas (zonas de afección correspondentes á AP-9, EP-2005, EP-2605 e A-55) ou de protección de augas (zona de polaía do rego Porteliña); o enlace previsto do novo sistema xeral viario coa autovía A-55 afecta minimamente a solo urbano (A Portela) e solo de núcleo rural (O Casal).

As únicas edificacións existentes no sector corresponden ás dunha residencia de maiores (dotación privada) e ás dun centro de xardinería. Ademais, a conexión viaria prevista para o acceso ao sector dende a A-55 afecta a unha edificación destinada a vivenda.

O ámbito atópase case integralmente na bacía do río Louro. O sector está atravesado de oeste a leste por unha valgada que constitúe a nacente do rego Porteliña. Existen numerosas captacións de auga para abastecemento emprazadas no interior do sector así como na contorna próxima.

A área de actuación sitúase na comarca paisaxística "Baixo Miño Interior", no espazo de transición cara a comarca paisaxística "Vigo litoral". O anexo 4 do borrador incorpora un estudo da paisaxe no

<sup>1</sup> O monte veciñal de Tameiga dispón dun Proxecto de ordenación forestal aprobado no ano 2010, mentres que o monte veciñal de Pereiras dispón dun Plan técnico de xestión aprobado no ano 2011 ([http://mediorural.xunta.gal/nc/es/areas/forestal/ordenacion/instrumentos\\_de\\_ordenacion\\_ou\\_de\\_xestion\\_forestal/rexistro\\_d\\_e\\_montes\\_ordenados/#inicio](http://mediorural.xunta.gal/nc/es/areas/forestal/ordenacion/instrumentos_de_ordenacion_ou_de_xestion_forestal/rexistro_d_e_montes_ordenados/#inicio))

<sup>2</sup> Proxecto de ordenación aprobado o 24.05.2017 (Rexistro de montes ordenados da Consellería do Medio Rural)



que se conclúe que o ámbito ofrece unha fraxilidade visual maiormente baixa (45% da superficie) ou media (para o 32%) e unha calidade paisaxística media (89% da superficie) ou alta (para o 10%). Como únicos elementos con valor paisaxístico panorámico dentro do sector identifícanse os sendeiros GR-53 "Sendeiro panorámico de Vigo" e GR-58 "Sendeiro das Greas", non entanto, na cunca visual do ámbito da MP localízanse distintos miradoiros e áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) delimitadas no Catálogo das Paisaxes de Galicia.

Respecto do patrimonio cultural, no interior do sector urbanizable atópase o xacemento romano de Pereiras<sup>3</sup> catalogado no PXOM, asemade, está afectado polos contornos de protección doutros bens situados na contorna (varias mámoas e muíños). O enlace previsto coa autovía A-55 afecta a un hórreo catalogado no PXOM (E\_233) e á contorna de protección doutros dous hórreos.

O ámbito da MP non dispón na actualidade de rede de saneamento, nin rede eléctrica, e o alumeadoo público limitase ao existente nos viarios perimetrais. Na contorna do ámbito da MP só existen redes de abastecemento de auga locais pertencentes a comunidades veciñais e seguindo a traza da estrada EP-2605 discorre unha condución de gas.

O ámbito de actuación está afectado polas servidumes aeronáuticas do aeroporto de Vigo (en Peinador).

## 2. Obxectivos do planeamento

A MP do PXOM ten por obxecto posibilitar o desenvolvemento do proxecto da Cidade Deportiva do Real Club Celta de Vigo. Este ambicioso proxecto inclúe as seguintes instalacións:

- Catro campos de fútbol de herba natural (108x68 m).
- Tres campos de fútbol de herba artificial (108x68m).
- Dous campos de fútbol sete de herba artificial.
- Campo de preparación de porteiros e área de tecnificación.
- Zonas para a práctica doutros deportes; tenis, pádel, etc.
- Un miniestadio cun aforo de entre 6.000 e 11.000 espectadores.
- Pavillón cuberto de deportes con aforo para 800 espectadores, ampliable ata 4.000.
- Zonas de aparcadoiro para 1.000 vehículos.
- Edificio docente destinado ao ensino deportivo e fomento da canteira, escolas de adestradores, preparación física, de fisioterapia, recuperación, etc.(Universidade do Deporte).
- Edificio administrativo e de servizos con instalacións para o primeiro equipo e a canteira, incluíndo servizos comúns da Cidade Deportiva, comedores, salón de actos, etc.
- Hotel / Residencia para os xogadores, persoal, equipos visitantes ou clientes.
- Centro de medicina deportiva
- Piscina SPA con instalacións de adestramento deportivo e Hidroterapia.


O proxecto contempla ademais a previsión dunha gran área comercial -segundo o indicado no borrador, para garantir a viabilidade económica da área dotacional deportiva-, así como un parque de ocio privado con amplas áreas que permitan desenvolver deportes e actividades ao aire libre (running, biciclos, escalada...).

## 3. Alternativas e proposta inicial

Segundo a análise de alternativas que recolle o documento inicial estratéxico, levouse a cabo un estudo previo no que se consideraron catro posibles localizacións da Cidade Deportiva no concello de Mos (A, B, C e D) e optouse por unha mestura da localización B e C.


<sup>3</sup> O Catálogo do PXOM, na ficha X\_16 sobre o Xacemento romano de Pereiras, sinala que "non hai estruturas visibles nin recoñecibles na superficie do terreo que nos permita delimitalo, daquela non podemos delimitar unha área de protección integral. Protexemos como cautela o entorno inmediato do xacemento ante a posibilidade de que aquí se conserven restos arqueolóxicos vencellados con el."

*Alternativas de localización A, B, C e D:*



O borrador da MP incorpora unha proposta de zonificación na localización escollida. Valoráronse dúas alternativas de ordenación (alternativas 1 e 2), concluíndo que a alternativa 2 é a que dá resposta as necesidades requeridas para a cidade deportiva, centro comercial e parque de ocio.


*Alternativas de ordenación 1 e 2:*





Na zonificación proposta destínanse case 240.000 m<sup>2</sup> para usos dotacionais privados deportivos, unha ampla superficie para zona comercial (uns 142.000 m<sup>2</sup>, con 120.000 m<sup>2</sup> de teito edificable) e a zona do ámbito con topografía más complicada (uns 290.000 m<sup>2</sup>) destínanse a espazos libres de titularidade privada onde se prevé implantar o parque de ocio. Intégrase na ordenación a residencia de maiores (dotación privada) existente no ámbito da MP.

Proposta inicial de zonificación (plano PO.1 do borrador):



Para poder levar a cabo este ambicioso proxecto propóñense as seguintes modificacións no PXOM:

- Clasificar o solo do ámbito como solo urbanizable e delimitar un novo sector denominado SUDT-D 8 Chan da Cruz con uso global característico terciario-comercial, sendo outros usos globais o dotacional privado e as zonas verdes privadas. O borrador incorpora unha proposta de zonificación do sector, así como criterios e determinacións para o seu desenvolvemento mediante un plan parcial. Prevese o sistema de actuación por expropiación e uns prazos de desenvolvemento de tres (3) anos.
- Resolver a conexión exterior do sector coa autovía A-55. Para elo modifícanse as determinacións do PXOM no referido ao SX viario correspondente ás estradas da rede provincial EP-2605 (alterándose o seu trazado e sección) e EP-2005 (modifícanse as alíñacións para definir unha glorieta de conexión coa nova traza da EP-2605) así como as alíñacións do enlace existente da autovía A-55 á altura do núcleo do Casal (para a súa reconfiguración como enlace completo e dar conexión ao novo sistema xeral viario).
- Complementar a estrutura xeral e orgánica do territorio do PXOM coa incorporación de novos sistemas xerais de servizos urbanos, para os que a MP establecerá criterios de deseño e execución e, no seu caso, o sistema de obtención dos terreos:
  - Para a conexión exterior do abastecemento de auga proponse completar a rede de sistema xeral prevista no PXOM dependente do sistema de abastecemento municipal de Vigo, partindo do depósito de Cotogrande e a través do depósito regulador de Puxeiros.
  - A conexión exterior do saneamento do ámbito proponse realizar co sistema Interceptor da conca de saneamento de Puxeiros - Tameiga - Petelos. Aproveitarase este colektor para xerarquizar a rede existente nesta vertente.
  - En canto ao abastecemento de enerxía eléctrica, prevese a conexión coa subestación de Puxeiros.
  - O predimensionado e criterios de deseño das conexións realizanse a partir da estimación de demandas e análise de alternativas incluídos no anexo 5 do borrador.

#### **4. Consultas previas realizadas**

Durante o período de consultas previas realizadas no procedemento ambiental recibíronse observacións e suxestións por parte de diferentes administracións públicas afectadas, persoas interesadas e particulares. Resúmense a continuación as principais cuestións ambientais formuladas:

##### Administracións públicas afectadas:

- A **Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo** manifesta que: dado que o obxectivo da MP é a implantación de usos e dotacións privadas, cómpre xustificar axeitadamente a elección de expropiación como sistema de actuación; para acreditar a viabilidade da actuación, debe conter un informe ou memoria de sustentabilidade económica. A vista das dificultades de interpretación dos planos achegados, deben aclararse as previsións de abastecemento de auga. Debe engadirse a xustificación de que os espazos libres públicos propostos cumpren coas dimensións mínimas establecidas no artigo 70 do RLSG, debe recollerse na memoria e plasmarse en planos.
- O **Instituto de Estudos do Territorio** considera que a MP pode provocar efectos paisaxísticos significativos e debería considerarse en primeiro lugar se existen localizacións alternativas que xeren unha incidencia visual menor e a necesidade de implantar un centro comercial. Por outra banda suxire a incorporación de medidas de integración paisaxística que completen as previstas no borrador da MP; entre outras: favorecerase a adecuada inserción das instalacións e tratamiento dos noiros, a coherencia formal no deseño das actuacións, adoptaranse solucións para favorecer a transición das actuacións co solo rústico, empregaranse materiais e cores que suavicen o contraste coa contorna e valorarase un trazado alternativo do viario interno que afecta a dous sendeiros panorámicos GR-53 e 58 ou estableceranse medidas para a súa integración.
- A **Dirección Xeral do Patrimonio Cultural** remitiu as consideracións a ter en conta na identificación, delimitación e adecuada protección dos bens do patrimonio cultural. Requiere da realización dunha prospección exhaustiva, co obxecto de identificar con precisión todos os bens con valores merecedores de protección situados dentro do ámbito e na contorna da MP. Tamén establece as condicións para delimitar os contornos de protección dos bens, os aspectos que debe conter o Catálogo, as fichas de cada ben e a normativa da MP, así como os criterios a adoptar na ordenación do solo para a integración dos contornos de protección. Posteriormente emite un novo informe complementario ao anterior, para incidir na necesidade, de prestar especial atención ao estudo do contorno de protección do xacemento romano de Pereiras incluído no ámbito de actuación.
- A **Confederación Hidrográfica do Miño-Sil** sinala que na MP deben considerarse varios aspectos en relación coa disponibilidade de recursos hídricos, os vertidos, as canles, zonas de polaía e inundables e das zonas protexidas: a proposta de actuación afectaría directamente ao rego Porteliña e a varias captacións de auga para abastecemento subterráneas; deberán analizarse as condicións de drenaxe superficial do territorio; reflectirse na cartografía o dominio público hidráulico e as súas zonas de protección, as zonas de risco de inundación conforme cos criterios do Plan hidrolóxico, superpoñendo esta información coas actuacións propostas; definiranse as medidas protectoras e correctoras a adoptar para minimizar o impacto sobre o medio hídrico; é necesario introducir sistemas de drenaxe sustentables e incluír no expediente de desenvolvemento urbanístico un estudio hidrolóxico-hidráulico.
- A **Demarcación de Estradas do Estado en Galicia** informa que parte do ámbito afectaría ao trazado proposto para a Variante de Trazado Vigo-O Porriño que está previsto que discorra en túnel nese tramo, o que require de establecer as súas zonas de protección (dominio público, servidume, de afección e de limitación á edificabilidade). Achega as principais consideracións que debe atender a MP respecto das afeccións á rede de estradas do Estado. Neste sentido,



incorporaranse os novos trazados viarios previstos que contan con estudos informativos aprobados da citada Variante de Trazado Vigo-O Porriño; incluiranse os planos de afeccións ás estradas de titularidade estatal, existentes e previstas coa definición clara de todos os elementos; e recolleranse na Normativa as zonas de protección e limitacións establecidas na lexislación de estradas (en particular as referidas á prohibición de calquera obra de construcción na zona de limitación da edificabilidade). Respecto da proposta de modificación da conexión existente na A-55, esixe da elaboración dun estudio de tráfico conforme coa Lei 37/2015. Na normativa referente á contaminación acústica, incluirase a necesidade de levar a cabo os estudos correspondentes de determinación dos niveis sonoros con carácter previo ao otorgamento de licencias de edificación e a obligación de establecer limitacións á edificabilidade ou de dispoñer os medios de protección acústica no caso de superarse os umbrais legais.

Ademais, achégase informe da concesionaria da explotación da AP-9 que sinala que o borrador non recolle a afección á estrada VG-20, que a delimitación da MP afecta ao solo rústico de protección de infraestruturas da AP-9 e alude ás discrepancias entre o parcelario do catastro e a súa liña de expropiación. Respecto ao novo viario previsto de conexión coa A-55, cuxo trazado discorrería baixo o viaducto da AP-9, precisa informe favorable da Dirección General de Carreteras do Ministerio de Fomento.

- O Concello de Vigo considera que a proposta de implantación da área comercial non é compatible co uso racional do territorio e a sustentabilidade ambiental pola súa incidencia no comercio de proximidade e nas áreas comerciais en desenvolvemento previstas no concello de Vigo<sup>4</sup> e polo seu soporte en servizos e infraestruturas de Vigo, con importantes problemas de saturación; este sentido, o departamento municipal de mobilidade e seguridade cuestiona a solución de conexión proposta. Respecto ao abastecemento de auga, a empresa concesionaria no concello de Vigo manifesta que as infraestruturas existentes non teñen capacidade suficiente para atender as novas demandas da MP, requirindo de importantes actuacións para mellorar as infraestruturas de transporte, almacenamento e tratamento. O Concello de Vigo considera que as necesidades do Real Club Celta de Vigo poderían realizarse en Vigo a través dun plan especial de dotacións e que o vixente convenio subscrito entre ambas entidades para utilización de instalacións deportivas municipais podería ampliarse sen alterar o equilibrio de usos existentes nos planeamentos municipais de Vigo e Mos.
- A Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica informa que non é previsible que as actuacións do proxecto teñan impacto nas actividades de acuicultura mariña ou continental da súa competencia.

#### Persoas interesadas e particulares:

- As Comunidades de usuarios de Casal Casalmorto e Roublin, de Casal Tameiga, de Monte Baixiña, de Pereiras, de Petelos Tameiga e de Sanguiñeda solicitan que se teñan en conta as captacións de auga e as instalacións para abastecemento á poboación da zona existentes, tendo en conta que poderían verse afectadas pola futuras obras na zona. Requieren que se realice un estudio hidrolóxico co obxecto de salvagardar as augas e evitar a afección á súa calidade sanitaria. Tamén que se respecten ou, no seu defecto, se repoñan as captacións, depósitos e tuberías afectadas e que sexan informados das medidas que se tomarán para garantir o caudal e a calidade das augas e do alcance do depósito de augas previsto na MP.
- A Comunidade de MVMC de Tameiga sinala que é propietaria dos terreos incluídos nas alternativas 1 e 2 e subliña que a transformación urbanística do solo comporta a redución

<sup>4</sup> Proxecto Vialia adxudicado con 120.000 m<sup>2</sup> construídos e 45.000 m<sup>2</sup> comerciais cun prazo de posta en servizo de dous anos, o ámbito de Recaré en tramitación de 99.885 m<sup>2</sup> e a actuación comercial no Parque tecnolóxico e loxístico con 128.000 m<sup>2</sup> edificables que desenvolve o Concello de Vigo e a Zona Franca de Vigo.

significativa da superficie deste monte, presentando os usos pretendidos unha maior vinculación co límite concello de Vigo que co de Mos. Entende que o futuro desenvolvemento non debe comportar unha redución significativa da superficie do monte por ser esta unha institución arraigada na comunidade galega, cun réxime regulado na Lei 13/1989 de montes veciñais en man común e polo propio Estatuto de Autonomía. Alude aos efectos da actuación sobre o ciclo hídrico, tanto pola necesidade de garantir a suficiencia dos recursos hídricos ante os incrementos de demanda, como pola necesidade de dar solución a todas aquelas traídas de augas veciñais existentes que se vexan afectadas pola Modificación e garantir a súa conservación.

- A **Entidade Local Menor de Bembrive** solicita que se considere que unha parte do ámbito da MP pertence ao Monte de utilidade pública nº 563 de "San Cibrán, Aradas e outros" da súa propiedade, situado en terreos do concello de Vigo.

## 5. Consideracións para a integración ambiental da MP

De acordo co proceso de avaliación ambiental estratéxica, a formulación da proposta deberá garantir unha axeitada integración dos aspectos ambientais de cara a contribuír "*ao desenvolvemento económico equilibrado e sustentable do territorio, á cohesión social e á mellora da calidade de vida da poboación e á utilización racional do territorio e á sustentabilidade ambiental*", en coherencia co modelo territorial que establecen as Directrices de ordenación do territorio (DOT).

Neste documento de alcance incorpóranse parte das observacións e suxestións con incidencia ambiental recibidos durante o período de consultas previas, porén, o Concello deberá considerar no proceso de elaboración e tramitación da MP do PXOM todas as observacións formuladas, e para elo remítenselle os textos íntegros recibidos.

Así pois, tendo en conta a documentación achegada (borrador do plan e DIE) mais as observacións e suxestións recibidas durante a fase de consultas previas, fanse as seguintes consideracións:

### - Ocupación do solo

En virtude do principio de desenvolvemento sustentable, as políticas públicas relativas á ordenación e uso do solo deben propiciar o uso racional dos recursos naturais contribuíndo -entre outras cuestións- á preservación dos valores do solo innecesario ou inidóneo para atender as necesidades de transformación urbanística<sup>5</sup>.

A proposta de MP do PXOM supón a transformación dunha gran superficie de solo (87 ha) clasificado como solo rústico de especial protección, cuxas características así como os usos que se prevén implantar levan implícito unha importante incidencia sobre esta variable ambiental.

O borrador xustifica a previsión dunha área comercial de 120.000 m<sup>2</sup> de teito edificable para garantir a viabilidade económica do proxecto da Cidade Deportiva e no estudo de demanda de usos terciarios que inclúe como anexo 7 limitase a avaliar os efectos desta zona comercial sobre o comercio de Mos. Porén, a proposta formulada na MP implicaría aumentar a superficie de novo solo terciario<sup>6</sup> prevista no PXOM vixente, ademais en varios apartados da documentación<sup>7</sup> coméntase que a incidencia da MP excede o ámbito municipal de Mos; polo tanto, cómpre xustificar suficientemente a necesidade de ocupar solo para implantar unha nova área comercial das dimensións previstas cun estudo da oferta e

<sup>5</sup> Artigo 3 do Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro.

<sup>6</sup> Ver anexo 7, apartado 1.1, do borrador da MP

<sup>7</sup> Epígrafe 1.2 do borrador: "...un proxecto como o da Cidade Deportiva do RC Celta, ... ,constitúe unha extraordinaria oportunidade para o desenvolvemento económico e social do concello e da área metropolitana de Vigo."; Apartado 2.3.3.3 do borrador: "A importancia desta actuación para o desenvolvemento económico e social do Concello de Mos e da área urbana de Vigo..."; Punto 4 do anexo 6 do borrador: "Prevese polas características do territorio e do desenvolvemento, que se resolván desde Vigo un 60% dos movementos, e desde o exterior un 40%."



demandas existentes tanto no municipio de Mos como na área urbana que conforma los concellos próximos.

Por otra parte, tendo en cuenta que la topografía de los terrenos es muy irregular y que la naturaleza de muchas instalaciones deportivas (campos de fútbol, estadio, piscina, pistas, etc.) requieren que las superficies sean totalmente planas, debe prestarse especial atención a la necesidad de que las instalaciones deportivas se implanten en zonas de menor pendiente.

Comprenderemos que los montes vecinales en man comum son bienes indivisibles, inalienables, imprescriptibles e inembargables<sup>8</sup>, que solo podrán ser objeto de expropiación forzosa por causa de utilidad pública o interés social prevalente a su dueño<sup>9</sup>. En cuanto a la Comunidad de montes de Tameiga manifestó en el período de consultas una importante pérdida que supone a MP para usos forestales que los vecinos llevan a cabo en esta zona y los recursos hídricos asociados. Asimismo, la DXOTU<sup>10</sup> señala en su informe que "considerando que el objetivo de modificación puntual es la implantación de usos y dotaciones privadas, justificarseá adecuadamente la elección de expropiación como sistema de actuación".

#### - Mobilidade

Una adecuada gestión de la movilidad contribuye a la reducción del gasto energético, a la racionalización de las dotaciones y servicios y a la mejora de la calidad atmosférica, al mismo tiempo que se reduce su contribución al cambio climático. Por tanto, desde el planeamiento fomentarán desarrollos que minimicen la necesidad de movilidad.

No mismo sentido manifiesta la Ley 13/2010, de 17 de diciembre, de comercio interior de Galicia, cuando establece como uno de sus fines o principios la "adaptación de la dotación comercial a la necesaria ordenación urbanística, preservando y fortaleciendo el sistema urbano tradicional de los pueblos y ciudades, (...), dentro de un objetivo de cohesión social que (...) reduz la movilidad y evite desplazamientos innecesarios".

A pesar de lo expuesto, la actuación urbanística propuesta con la MP requerirá una importante demanda de movilidad para los nuevos usos a implantar. En el estudio de la demanda generada (anexo 6 del boceto) se indica que en días laborables la atracción de vehículos alcanza los 8.252, mientras que los sábados aumenta hasta los 12.176 veh./día; de estos solo entre 5% y 8% están vinculados al uso deportivo de la ciudad deportiva del RC Celta, el 95-92% restante a actividades comerciales y de ocio.

Se estima en el anexo 6 que en Vigo procederán un 60% de los desplazamientos y desde el exterior (entendido que otros municipios) un 40%.

Dado que la accesibilidad al área manifiesta insuficiente, planteáronse varias alternativas para mejorarla y optar por dos rutas principales de acceso:

- Desde el centro de Vigo, por la VG-20 y la Avenida Clara Campoamor (se estima que el 49% del tráfico accederá por esta ruta).
- Desde el área metropolitano, y también desde el centro de Vigo, por la AP-9 Puxeiros, y A-55 (se prevé que el 51% de los vehículos utilicen esta ruta de acceso).

Según el Mapa de tráfico<sup>11</sup> 2016 publicado por el Ministerio de Fomento, el día de hoy soportan ya elevadas densidades de tráfico tanto la autopista A-55 (63.029 veh/día entre Puxeiros y Porriño) como la carretera VG-20 (25.867 veh/día en el tramo más cercano a Vigo). Además, el tramo

<sup>8</sup> Ley 13/1989, de 10 de octubre, de montes vecinales en man comum

<sup>9</sup> Artículo 6 del Decreto 260/1992, de 4 de setiembre, por el que se aprueba el Reglamento para la ejecución de la Ley 13/1989, de 10 de octubre, de montes vecinales en man comum.

<sup>10</sup> Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

<sup>11</sup> [http://www.fomento.es/MFOM/LANG\\_CASTELLANO/DIRECCIONES\\_GENERALES/CARRETERAS/TRAFFICO\\_VELOCIDAD/ADES/MAPAS/2016/](http://www.fomento.es/MFOM/LANG_CASTELLANO/DIRECCIONES_GENERALES/CARRETERAS/TRAFFICO_VELOCIDAD/ADES/MAPAS/2016/)

da A-55 próximo ao enlace proposto do novo sistema xeral viario -á altura do núcleo do Casal- trátase dun *tramo de concentración de accidentes*.

Non obstante, compre sinalar que o Ministerio de Fomento ten prevista a construción dun trazado alternativo a autovía A-55 neste tramo de concentración de accidentes, concibido para captar un tráfico diario de más de 36.000 vehículos entre Vigo e Porriño. Esta variante será a extensión da A-52 ata Vigo, terá unha lonxitude aproximada de dez kilómetros – cun túnel de 2,5 Km que discorre en parte baixo solo do ámbito da MP- e suporá unha clara mellora na seguridade viaria e a mobilidade na zona. Na MP deberá incluírse o novo trazado viario previsto e a normativa incluirá a definición das zonas de protección, servidume e limitacións á edificación, en coherencia co sinalado pola Demarcación de Estradas do Estado.

A nova conexión coa A-55 prevista no borrador da MP require de informe favorable da súa viabilidade por parte da Dirección Xeral de Estradas. Lémbrese que o informe das Administracións competentes en materia de estradas sobre o impacto da actuación sobre a capacidade de servizo das infraestruturas será determinante para o contido da *declaración ambiental estratéxica* (artigo 22.3.c do Real decreto lexislativo 7/2015)

Menciónase tamén no anexo 6 a necesidade de reforzar o sistema de transporte público urbano co centro de Vigo, onde se prevé maior demanda.

No tocante á utilización de medios de transporte alternativos, recoñécese no propio borrador<sup>12</sup> que *sendo o ámbito periurbano existe unha dificultade engadida para o desenvolvemento de itinerarios peónís completos e de bicis*, e formúlase só a posibilidade de complementar as actuacións cun esquema de sendeiros peónís-ciclistas que servan de nexo de unión entre zonas próximas, no eixo CUVI - ámbito da MP – Puxeiros.

Tendo en conta todo o exposto, conclúese que se agardan efectos sobre a mobilidade na zona, que afecta tanto ao concello de Mos como a outros concellos próximos.

#### - Paisaxe

A implantación dun complexo como a Cidade deportiva no emprazamento inicialmente escollido previsiblemente xerará unha incidencia visual importante, tendo en conta que se trata dunha alteración completa dos usos actuais, o seu tamaño, a topografía irregular dos terreos.

Aínda que as instalacións deportivas se implanten nas zonas de menor pendente, a natureza de moitas delas (campos de fútbol, estadio, piscina, pistas, etc.) require que as superficies sexan totalmente planas o que implica inevitablemente importantes movementos de terra.

O impacto do centro comercial terá, en principio, tamén importante efecto paisaxístico pois precisa de construcións de maior volume e máis difícil integración.

Considérase pois que a MP pode provocar efectos paisaxísticos significativos. En calquera caso, os criterios e determinacións que recolle o borrador con respecto da integración paisaxística<sup>13</sup> no desenvolvemento do sector considéranse axeitados, porén, precisan completarse con medidas como as que o IET menciona no seu informe ou outras equivalentes coa mesma finalidade.

<sup>12</sup> Apartado 5 do anexo 6

<sup>13</sup> Apartado 2.3.1.7 do borrador: Minimización dos movementos de terra; localización das instalacións deportivas e da área comercial sobre as superficies con menor pendente, situando as zonas verdes e espazos libres nas áreas de maior pendente natural e maior fraxilidade visual; colocación baixo rasante da maior parte do aparcamiento necesario na área comercial; redacción de estudos de integración e impacto paisaxístico no planeamento de desenvolvemento así como nos proxectos nos que se concrete a ordenación detallada; dar continuidade aos sendeiros GR-58 e GR-53 a través do sector procurando que descorra por ámbitos de uso público o máis naturais posible, preferentemente desvinculado dos sistemas xerais viarios.



### - Patrimonio cultural

En cumprimento da determinación 9.3 das DOT deberá realizarse unha prospección exhaustiva<sup>14</sup> da totalidade do ámbito da MP e da súa contorna próxima, co obxecto de identificar con precisión todos os bens con valores merecedores de protección.

Dentro da prospección que se faga no ámbito, prestase especial atención ao estudo do contorno de protección do Xacemento romano de Pereiras (GA36033016), ao tratarase dunha área cunha alta fertilitade arqueolóxica e unha alta probabilidade de presenza de restos. No relativo ao control arqueolóxico, atenderase ao disposto na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia (LPCG) e no Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica en Galicia.

Terase en conta na MP o disposto nos artigos da LPCG 45 (*Réxime de intervencións no contorno de protección*) e 46 (*Criterios específicos de intervención no contorno de protección*); no caso dos hórreos atenderase ao establecido no artigo 92 da LPCG, así como o artigo 52 no que respecta ao seu posible desprazamento.

Na ordenación do ámbito que se formule (orientativa na MP), as zonas verdes emprazaránse preferentemente lindantes cos ben protexidos, nos seus contornos de protección. Especial atención merece o Xacemento de Pereiras dado que, segundo a zonificación incluída no borrador da MP, sobre o seu contorno de protección proxéctase un viario e parte da zona comercial.

Atendendo ao exposto, deberá xustificarse a compatibilidade da MP e da ordenación proposta coa salvagarda dos valores do patrimonio cultural.

### - Ciclo hídrico

#### Dispoñibilidade de recursos hídricos

O planeamento urbanístico deberá conter as análises e a planificación precisa para que o organismo competente poida avaliar a garantía da existencia de reservas de auga suficiente e da viabilidade da captación, tratamento e distribución de auga, de maneira que non se permitan novos desenvolvimentos urbanísticos sen garantía do servizo (det. 3.1.5 g das DOT).

A este respecto, deberase reflectir de xeito preciso na MP (memoria e cartografía) a orixe da auga para o ámbito de actuación así como as autorizacións e concesións de aproveitamento de augas outorgadas ou usos privativos recoñecidos (artigo 25.4 da Lei de augas).

No anexo 5 do borrador faise unha estimación das necesidades de auga para abastecer o sector (apartado 2.2) e describense as alternativas posibles para satisfacer a dita demanda (apartado 3.1), concluíndo que o abastecemento partirá do depósito de Cotogrande que pertence á rede de abastecemento municipal do concello de Vigo. Non obstante, a empresa concesionaria deste servizo informou o 16.03.2018 que para “estar en disposición de asumir o novo caudal demandado pola Modificación Puntual nº1 do PXOM de Mos, sería necesario ampliar, reforzar e mellorar a liña de transporte do abastecemento”.

Cómpre lembrar que o informe da Administración hidrolólica sobre a existencia de recursos hídricos necesarios para satisfacer as novas demandas será determinante para o contido da *declaración ambiental estratéxica* (artigo 22.3.a do Real Decreto Lexislativo 7/2015).

<sup>14</sup> Non será necesaria se o ámbito conta cunha prospección destas características feita cunha antigüidade menor de 5 anos (artigo 34.3 da LPCG).

## Saneamento


En relación cos vertidos, deberanse achegar os cálculos xustificativos e a capacidade das instalacións previstas en función das necesidades de depuración que derivan das actuacións previstas na MP.

## Rede fluvial

Deberanse identificar todos os leitos e correntes naturais existentes no ámbito da actuación, reflectíndoo na documentación gráfica e no texto.

Nas visitas de campo realizadas tanto por persoal deste Servizo de Avaliación Ambiental como da Confederación hidrográfica do Miño-Sil, recoñeceuse que o trazado da canle fluvial do rego Porteliña coincide basicamente co representado na cartografía do IGN (E 1:25.000) e, polo tanto, a proposta de actuación afectaría directamente a esta canle, a súa zona de servidume e a de policía.

Co obxecto de fomentar a protección das marxes e ecosistemas riparios, potenciarase o uso como



espazos libres e zonas verdes as zonas lindereiras cos cauces, tendo en conta o seu carácter inundable e de soporte do ecosistema fluvial e ripario (artigo 49.2 da normativa do Plan hidrolóxico Miño-Sil; PHMS<sup>15</sup>). Asemade, teranse en conta as disposicións que establece o Regulamento de dominio público hidráulico<sup>16</sup> (RDPH) no apartado 2 do artigo 126 ter, así como o PHMS no artigo 25.

## Zonas inundables

Deberanse analizar no planeamento as condicións de drenaxe superficial de todo o territorio afectado, para o que como mínimo na súa parte informativa reflectirase o dominio público hidráulico e as súas zonas de servidume e policía, así como as zonas de risco de inundación (artigo 49.1 do PHMS). Os resultados da dita análise darase cumprimento ao disposto nos artigos 9, 9bis e 9ter, 14 e 14bis do vixente RDPH, así como ao especificado na sección IV do PHMS.

## Zonas protexidas

Algunhas das captacións de auga subterráneas para abastecemento existentes no ámbito están incluídas no Rexistro de zonas protexidas da demarcación hidrográfica do Miño-Sil, por elo atenderase ao disposto no artigo 21 do PHMS relativo ás zonas e perímetros de protección.

<sup>15</sup> Anexo III do Real decreto 1/2016, do 8 de xaneiro, polo que se aproba a revisión dos plans hidrolóxicos das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Occidental, Guadalquivir, Ceuta, Melilla, Segura e Xúcar, e da parte española das demarcacións hidrográficas do Cantábrico Oriental, Miño-Sil, Douro, Texo, Guadiana e Ebro.

<sup>16</sup> Real Decreto 849/1986, do 11 de abril



### - Riscos

O planeamento debe contribuír á prevención adecuada dos riscos e perigos para a saúde pública<sup>17</sup>, e para elo debe conter unha análise de riscos naturais e antrópicos aos que se expón o territorio do seu ámbito de influencia<sup>18</sup> (riscos de erosión, incendios forestais, contaminación acústica, entre outros que se consideren relevantes).

Tendo en conta o relevo complicado da área de actuación, algunas actuacións propostas requieren de importantes movementos de terra polo que cómpre analizar en detalle os riscos por erosión, deslizamento ou desprendemento.

Con respecto ao risco de incendio forestal, atenderase ás determinacións da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

A proximidade do ámbito da MP a importantes infraestruturas viarias (AP-9, A-55 e AG-57) e aeroportuarias (Peinador) conleva o risco de verse afectado por niveis de ruído excesivos (contaminación acústica). Porén, segundo os últimos mapas estratégicos de ruído publicados polo Ministerio de Fomento<sup>19</sup> para a autoestrada AP-9 e a autovía A-55, en ningunha zona do ámbito se superan os niveis de inmisión de ruído máximos establecidos pola lexislación vixente como obxectivos de calidade acústica<sup>20</sup> para novos desenvolvimentos urbanísticos con uso característico terciario ou dotacional deportivo. Tampouco o ámbito está afectado polas servidumes acústicas do aeroporto de Vigo<sup>21</sup>.

### - Patrimonio natural

O desenvolvimento da MP implicará a ocupación e transformación dunha gran superficie de solo na cumieira dun monte que a día de hoxe está na súa maior parte arborado. Malia que en xeral non se recoñecen especiais valores ecológicos a estas masas arboradas, nas que predominan o eucalipto (*Eucalyptus globulus*) e o piñeiro (*Pinus pinaster*), exercen importantes funcións na protección do solo e na regulación dos recursos hídricos.

No desenvolvemento do ámbito, considerando que os movementos de terras a realizar serán de elevada magnitude, deberanse prever e adoptar as medidas necesarias para impedir a entrada ou expansión de especies exóticas e invasoras. Neste sentido, comprobouse que no ámbito xa está presente a acacia negra (*Acacia melanoxylon*).

### - Atmosfera e cambio climático

Atendendo ao tipo de instalacións que se prevé implantar no ámbito da MP (campos de fútbol, estadio, área comercial,...), agárdanse efectos ambientais significativos en materia de contaminación lumínica. Así pois, adoptaranse no desenvolvemento da MP medidas de prevención e/ou minoración

<sup>17</sup> Artigo 3.2.c do Real decreto lexislativo 7/2015

<sup>18</sup> Determinación 3.1.14 das DOT

<sup>19</sup> Mapas publicados no Sistema de información sobre contaminación acústica (SICA) do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (<http://sicaweb.cedex.es/mapas-consulta-fase2.php>); 2ª fase (2012).

<sup>20</sup> Real decreto 1038/2012, do 6 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 1367/2007; artigo 14.2 do Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas.

<sup>21</sup> [https://www.fomento.gob.es/MFOM/LANG\\_CASTELLANO/DIRECCIONES\\_GENERALES/AVIACION\\_CIVIL/POLITICAS\\_AEROPORTUARIAS/ITA/PLANES\\_DIRECTORES/PLANES\\_DIRECTORES/PD\\_VIGO.htm](https://www.fomento.gob.es/MFOM/LANG_CASTELLANO/DIRECCIONES_GENERALES/AVIACION_CIVIL/POLITICAS_AEROPORTUARIAS/ITA/PLANES_DIRECTORES/PLANES_DIRECTORES/PD_VIGO.htm)

da perturbacións producidas polos focos emisores de contaminación lumínica na visión do ceo, procurando na medida do posible o mantemento das condicións naturais de luminosidade das horas nocturnas.

Por outra banda, o desenvolvemento da MP leva aparellado un incremento das emisións de gases á atmosfera debido principalmente ao aumento do tráfico rodado inducido pola Cidade deportiva e, sobre todo, pola área comercial proposta. Neste sentido, e tendo en conta que a Lei 21/2013 esixe considerar o cambio climático na avaliación ambiental do plan, deberá analizarse a pegada de carbono asociada ao desenvolvemento da MP e estableceranse as medidas adecuadas para mitigar a súa incidencia sobre o cambio climático, considerando a información dispoñible<sup>22</sup>.

#### - Enerxía

O borrador inclúe unha estimación da demanda enerxética para o desenvolvemento da MP e propón abastecer o sector a través da subestación eléctrica máis próxima, que é a de Puxeiros (3,5- 4 km), o que require executar novas liñas de transporte. Tamén contempla a posibilidade de contar con abastecemento de gas a partir da rede que atravesa o ámbito.

Lémbrese que co fin de determinar a viabilidade das citadas actuacións, as compañías subministradoras deberán informar da capacidade do servizo, establecer as necesidades e o custo das infraestruturas asociadas ao seu desenvolvemento (det. 4.7.3 das DOT). Ao respecto, a MP incluirá, ademais do seu trazado e dos servizos asociados, a previsión das obras necesarias para a ampliación ou reforzo da rede existente de forma que se asegure o seu correcto funcionamento (art. 126.1 do RLSG).

Así mesmo, adoptaranse medidas para promover a redución das necesidades enerxéticas, o aforro de enerxía e o emprego de enerxías renovables.

#### - Ciclo de materiais

En coerencia coa determinación 4.9.5 das DOT, a MP deberá incorporar as accións e determinacións necesarias para promover a integración dos obxectivos e medidas previstas tendentes á redución do consumo de materiais e de producción de residuos. Entre outras medidas, promoverase o emprego de materiais locais, reduciranse os movementos de terras, fomentarase o emprego de materiais reciclados ou reciclables, etc.

### 6. Cuestiós documentais

- Detectáronse no borrador incoherencias respecto á superficie do ámbito afectado pola MP que cómpre corrixir (ver apartados 1.7.2 e 2.3.3.1).
- Con respecto aos planos incluídos no borrador, indicar que as lendas son ilexibles e non reflicten a conexión cos sistemas xerais existentes e exteriores ao sector (artigo 128 do RLSG).
- En relación ao indicado no apartado 2.3.2.2 do borrador, sinalar que a MP deberá ademais revisar o mapa de zonificación acústica que contén o PXOM vixente<sup>23</sup> conforme cos usos previstos no solo do ámbito de actuación.

### 7. Contido amplitude e nivel de detalle do estudo ambiental estratéxico

O estudo ambiental estratéxico (EsAE) é, en esencia, o resultado dos traballos de identificación, descripción e avaliación dos posibles efectos significativos no medio como resultado da aplicación do

<sup>22</sup> Recoméndase a consulta da Guía de medidas para a mitigación e adaptación ao CC no planeamento urbanístico editada pola FEMP, Rede española de cidades polo clima [http://www.gea21.com/\\_media/publicaciones/guia\\_femp\\_medidas\\_ccc\\_planeamiento\\_urbano.pdf](http://www.gea21.com/_media/publicaciones/guia_femp_medidas_ccc_planeamiento_urbano.pdf)

<sup>23</sup> Anexo V do Informe de sustentabilidade ambiental do PXOM.



plan, e debe considerar alternativas razonables aos mesmos que sexan técnica e ambientalmente viables.

Dito documento deberá conter a data da súa conclusión e vir asinado polo seu/s autor/es, especificando a súa titulación, tal e como esixe o artigo 16 da Lei 21/2013.

Atendendo ao contido mínimo que establece o anexo IV da Lei 21/2013, sen prexuízo de que o promotor incorpore cuestións que considere relevantes, o EsAE deberá conter :

- Un **esbozo do contido da proposta**, incluíndo os seus **obxectivos** principais e as **relacións con outros plans e programas conexos**, atendendo á análise de compatibilidade estratégica (ACE), requirida na determinación 10.1.18 das DOT. Entre os instrumentos a considerar teranse en conta as DOT, o Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Miño-Sil e o planeamento urbanístico dos concellos limítrofes.
- Un **diagnóstico ambiental do ámbito territorial** afectado pola MP, que inclúa polo menos seguinte información:
  - Aspectos relevantes da situación actual do medio e problemas ambientais existentes que sexan relevantes para a MP.
  - Características ambientais das zonas que poidan verse afectadas de xeito significativo polo desenvolvemento da MP, derivadas da demanda de recursos, ocupación do solo, etc.
- Os **obxectivos de protección ambiental e análise de alternativas**: incluirase unha descripción das alternativas consideradas, as cales deberán responder aos obxectivos propostos e aos resultados do diagnóstico realizado.

Co fin de previr ou minimizar os efectos adversos sobre o medio ambiente como consecuencia do desenvolvemento da MP (ver apartado 5 deste informe, no que se avalían distintas variables ambientais en relación coa proposta inicialmente seleccionada), deberíase xustificar adecuadamente a necesidade de implantar unha área comercial a carón do complexo deportivo.

- **Análise dos probables efectos significativos no medio**: incluirá unha identificación e valoración dos posibles efectos ambientais sobre cada unha das variables ambientais, tendo en conta a súa probabilidade, duración, frecuencia e reversibilidade, e analizando tamén o seu posible carácter acumulativo. Xustificarse a metodoloxía empregada sinalando, de ser o caso, as dificultades atopadas. Entre outros aspectos, afondaranse nos efectos que as actuacións propostas terán especialmente no consumo de solo e outros recursos (auga, enerxía, etc.), mobilidade, paisaxe e patrimonio cultural. Respecto ao cambio climático, levarase a cabo unha avaliación adecuada da pegada de carbono asociada á proposta prevista.
- **Descripción das medidas** previstas para previr, reducir ou corrixir os efectos ambientais identificados e como estas contribúen á integración dos criterios de sustentabilidade.
- **Seguimento ambiental**: establecerase e describirase nun programa de vixilancia ambiental, as medidas e indicadores que permitan verificar o cumprimento e evolución das seguintes cuestións:
  - Grao de cumprimento dos obxectivos ambientais propostos
  - Estado de execución das actuacións previstas na proposta da MP.

- Envergadura dos efectos ambientais negativos derivados da súa posta en marcha.
- Funcionamento das medidas preventivas, correctoras e compensatorias.
- Metodoloxía para identificar os efectos ambientais adversos non previstos sobre os elementos do medio.

Poden tomarse como referencia os indicadores que se atopan na web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio<sup>24</sup>.

- **Resumo non técnico:** incluirase un resumo, en termos facilmente comprensibles, da información facilitada en todos e cada un dos apartados previos do documento.
- **Cartografía:**
  - O EsAE deberá incluír todos os planos necesarios para a correcta identificación das alternativas e proposta formuladas así como para a caracterización ambiental do ámbito de actuación e da súa área de influencia (condicións do relevo, patrimonio cultural, vexetación, riscos naturais<sup>25</sup>, servidumes acústicas, cursos fluviais, captacións para abastecemento, entre outros).
  - A documentación cartográfica que se elabore axustarase ás especificacións técnicas que figuran no apartado “Información cartográfica” da páxina web de avaliación ambiental estratéxica de plans e programas da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio<sup>26</sup>.

## 8. Proceso de información pública e consultas

### 6.1. Modalidade de información pública e consultas

Conforme co disposto nos artigos 85.3 e 60.6 da Lei 2/2016, o promotor (Concello de Mos) someterá a versión inicial da Modificación puntual, acompañada do estudo ambiental estratéxico, a información pública durante un prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOG e nun dos xornais de maior difusión na provincia.

Simultaneamente ao trámite de información pública, o Concello ou o órgano competente en materia de urbanismo, segundo corresponda, deberá **consultar ás Administracións públicas afectadas e ás persoas ou público interesados**. Sen prexuízo dos informes sectoriais que resulten preceptivos de acordo coa legislación sectorial aplicable, en relación á avaliación ambiental da MP consultaránse ás seguintes administracións e organismos:

#### *Administracións e organismos públicos*

- A) Administración xeral do Estado
- Ministerio de Fomento
    - Dirección Xeral de Estradas
    - Dirección Xeral de Aviación Civil

<sup>24</sup> [http://cmaot.xunta.gal/seccion-tema/c/CMAOT\\_Avaliacion\\_ambiental?content=SX\\_Calidate\\_Avaliacion\\_Ambiental/AAE/Avaliacion\\_ambiental\\_estratexica.html&std=Seguimento\\_PXOM.html](http://cmaot.xunta.gal/seccion-tema/c/CMAOT_Avaliacion_ambiental?content=SX_Calidate_Avaliacion_Ambiental/AAE/Avaliacion_ambiental_estratexica.html&std=Seguimento_PXOM.html)

<sup>25</sup> Artigo 22.2 do Real Decreto Lexislativo 7/2015

<sup>26</sup> [http://cmaot.xunta.gal/tema/c/CMAOT\\_Avaliacion\\_ambiental](http://cmaot.xunta.gal/tema/c/CMAOT_Avaliacion_ambiental)



## B) Administración da Comunidade Autónoma de Galicia:

- Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio:
  - o Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático
  - o Instituto de Estudos do Territorio
- Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:
  - o Dirección Xeral do Patrimonio Cultural
- Consellería do Medio Rural
  - o Dirección Xeral de Ordenación Forestal

## C) Administración local

- o Deputación provincial de Pontevedra
- o Concello de Vigo

*Público interesado:*

- Adega
- Sociedade Galega de Historia Natural
- Comunidades de montes veciñais en man común de Tameiga e de Pereiras
- Comunidades de usuarios de Casal Casalmorto e Roublin, de Casal Tameiga, de Monte Baixiña, de Pereiras, de Petelos Tameiga e de Sanguiñeda
- Entidade Local Menor de Bembrive

**6.2. Integración dos resultados**

Tomando en consideración dos resultados do trámite de información pública e consultas, o Concello modificará, de ser preciso, o estudio ambiental estratégico e elaborará a proposta final da Modificación do PXOM. Feito isto, o Concello remitirá ao órgano ambiental o expediente de avaliación ambiental estratégica completo para que formule a declaración ambiental estratégica (artigo 60.9 da LSG), o cal deberá conter (144.9 do RLSG):

- **Proposta final da MP e o estudio ambiental estratégico.**
- **Informe de participación pública e consultas** no que se describa o procedimento seguido, a relación de Administracións públicas consultadas e persoas interesadas, as datas de solicitude e resposta, así como dos medios empregados para a súa difusión. Conterá un resumo de cada unha das observacións, alegacións e informes recibidos, xustificando cómo foron tomados en consideración e se integraron no planeamento. Ademais, xuntarase copia dos informes recibidos, así como un resumo das alegacións recibidas, incluíndo copia daquelas que presenten temática ambiental.
- **Documento resumo** no que se describa a integración na proposta final dos aspectos ambientais, do estudio ambiental estratégico e da súa adecuación ao documento de alcance, do resultado das consultas realizadas e da súa toma en consideración.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2018

A xefa do Servizo de Avaliación Ambiental  
de Plans e Programas

Margarita Segade Castro

## RESOLUCIÓN

Tendo en conta a proposta anterior, RESOLVO formular o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico da *Modificación puntual nº1 do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Mos para a delimitación dun sector de solo urbanizable de usos dotacionais e terciarios*, en cumprimento do establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 60.4).

Esta resolución poñerase a disposición do público a través da sede electrónica desta Consellería ([http://cmaot.xunta.gal/tema/c/CMAOT\\_Avaliacion\\_ambiental](http://cmaot.xunta.gal/tema/c/CMAOT_Avaliacion_ambiental)) Remitirase ao Concello para que a teña en consideración na elaboración da Modificación puntual e á Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, como órgano competente para a súa aprobación para que a publique na súa sede electrónica, segundo esixe o artigo 144.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016.,

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2018

A directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

María Cruz Ferreira Costa